

SUMARIO:

Editorial	2
A revolución luminosa	3
Entrevista: Suso Pereiras	4
Excursión a Arbo	5
Monforte en cabeza	6
Entrevista: Adrián Vales	7
Día Mundial sen Tabaco	8
Batalla de Cacheiras	9
Imaxes: Eyjafjalla	10
Exposicións	11
Imaxes: Batalla de Cacheiras	12
Axenda	13
Enquisa	14
Decátate	15
Pasatempos	19

CONSELLO DE REDACCIÓN:

**M^a Ángeles Fandiño da Torre/
Miguel Gil Néciga.**

**DESEÑO, PORTADA E
CONTRAPORTADA: Marieta&Nex**

**COLABORADORES: Ramón Cruces
e os alumnado do IES Cacheiras.**

Edita:

EDICIONESLÓSTREGO. Ciruela 13.
Cacheiras, 36. Teo. A Coruña.

EDITORIAL

Hoxe nace unha revista, e non por xeración espontánea. De onde nace a revista? Por suposto, do desexo de dicir algo, de contar cousas, pero sobre todo da necesidade de preguntar, de interrogarnos, e de provocar cuestións, de abrir camiños e de animar procesos que intenten responder a todas esas inquietudes e sentirnos artífices e capaces de acelerar este proceso en beneficio de todos. Aquí tedes, pois, o número 0 dunha revista que debe embarcarnos na toma de conciencia real para a conservación do medio ambiente no marco da responsabilidade e o compromiso co planeta e a sociedade. Necesitamos ser unha sociedade consciente do difícil que é disociar "o ambiental" do resto de aspectos da nosa realidade, e faise aínda máis patente ante retos como o do cambio climático. Porque debemos asumir que todos, en maior ou menor medida, somos responsables do problema, e que a solución a este é tamén responsabilidade nosa, sendo nós os que debemos acometer solucións e adoptar compromisos que establezan as garantías para un desenvolvemento baseado na sustentabilidade.

Portada: Iceberg . . Autores : **Marieta-Nex**



“Un **iceberg** é unha illa de xeo procedente da fragmentación do xeo polar.”



A Revolución Luminosa

O led (díodo orgánico de emisión de luz), un novo material, unha nova concepción da iluminación

**CARMEN FERNÁNDEZ TÚÑEZ 1º A
REDACCIÓN**

Hoxe en día, as lámpadas tradicionais están chamadas a desaparecer no mercado xa que se está a producir un progreso neste ámbito debido á aparición dun novo tipo de material orgánico, o led, que reacciona ante un estímulo eléctrico emitindo luz.

Aínda que existen lámpadas con esta tecnoloxía, o arranque desta nova realidade aínda non tivo lugar. Cando isto ocorra, suporá unha revolución xa que deixarán de ser as lámpadas as que iluminen aos obxectos, sendo estes os que dean luz.

Isto supón un grande avance na cadea evolutiva xa que nos dez últimos anos nos fogares españois se cambiaron as lámpadas incandescentes ou de filamento (transforman en luz o 10% da enerxía e o 90% transfórmase en calor) polas halóxenas (45% menos de enerxía e tres veces máis de vida) ou fluorescentes, coñecidas como 'aforradoras' xa que empregan entre un 65% e un 80% menos de enerxía que as tradicionais e son entre seis e quince veces máis

duradeiras. É así como chegamos ao led, que é tan eficiente como as fluorescentes, pero máis duradeiro e sen mercurio.

Deixarán de ser as lámpadas as que iluminen aos obxectos, sendo estes os que dean luz.

Como consecuencia, produciuse unha caída no mercado das lámpadas tradicionais mentres que creceu a venta das lámpadas de baixo consumo. Por isto, as tres principais plantas de produción (Francia, Eslovaquia e Alemaña) están reorganizando a capacidade de produción e desenvolvemento doutros produtos para alcanzar máis do 95 % das súas vendas con outros tipos de lámpadas como as halóxenas, fluorescentes, leds e especiais. Coa utilización deste novo modo de iluminación, o consumo enerxético diminuirá apreciablemente e polo tanto as emisións de CO₂ á atmosfera.

Máis información:

http://www.elpais.com/articulo/sociedad/revolucion/luminosa/elpepusoc/20100417elpepusoc_1/Tes



“Un dos campos máis salientables é o da educación ambiental nos concellos”

Hoxe entrevistamos a Suso Pereiras, profesor de Bioloxía e Xeoloxía no instituto IES de Cacheiras, membro da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia.

XOSÉ MOURE/MIGUEL VIÑO/



Poderíanos comentar algunhas das vitorias máis importantes que acadou ata o agora?

Unha das que mellor recuerdo foi a paralización das minicentrais nos ríos galegos. Loitouse moito por este proxecto e foi moi importante para a asociación conseguilo. Tamén, parar piscifactorías coma a de Rinlo (Lugo), concellos que apostaron pola compostaxe e a reciclaxe, no canto da combustión. En concreto, no Barbanza o tratamento do lixo. A paralización da central nuclear en Xove e outras pequenas batallas que tamén son importantes.

Como se organiza principalmente ADEGA?

Agora mesmo non podo responder a iso, dado que xa non estou na directiva. Aínda así, continúo colaborando para a revista.

Cal foi a experiencia máis satisfactoria que acadaches en ADEGA?

A iniciativa legislativa e as repoboacións con especies caducifolias. Esta última é moi especial xa que ves como a información que transmitiches á xente sobre as repoboacións se está a realizar satisfactoriamente.

E a máis difícil?

A época que estiven na dirección foi moi frustrante, porque eran tempos de oposición a todas as propostas.

Podería adiantar novos proxectos da organización?

Na actualidade hai máis xente na organización colaborando con institucións. Realízanse moitas máis actividades en positivo, como plans de educación ambiental en colexios, plans de compostaxe do lixo, como no concello de Santiago, proxectos nos ríos galegos e conservación do lobo, e programas de seguimento.

Bos días, profesor Pereiras. Para comezar, cando e a mans de quen nace Adegga?

Nos anos 70 comezou a funcionar a mans de persoas do entorno universitario, como catedráticos de química ou avogados, como Xosé Manuel Beiras. Un dos principais motivos foi o proxecto de instalar celulosas, ata catro en Pontevedra. Ao final só se puxo unha.

Cales son os campos de traballo nos que a asociación fai máis fincapé?

ADEGA abarca os temas relacionados coa contaminación, como os residuos, impactos en ríos, urbanismo etc. Un dos campos máis salientables é o da educación ambiental nos concellos.



EXCURSIÓN A ARBO

O pasado día cinco de maio os alumnos/as de primeiro de Bacharelato desprazámonos ata Arbo para levar a cabo unha actividade deportiva moi interesante: fomos facer rafting.



Sáímos do noso instituto ás catro da tarde e tras unha longa viaxe en autobús chegamos á vila portuguesa de Melgaço. Alí estivemos arredor de dúas horas, e visitamos algúns dos seus lugares máis característicos, como, por exemplo, o "Museo da Fronteira", os restos dunha antiga muralla da cidade e por último unha pequena fortaleza.

Deseguido, fomos ata o albergue "O Coto", onde nos instalamos e ceamos. Logo emprendemos unha longa camiñada de tres horas polo coñecido monte Cabrón. Coa axuda da experiencia de tres fantásticos guías, visitamos os recunchos máis insospeitados e bonitos do lugar, coñecido porque nel se reunían os *aquelarres* de meigas da vila anos atrás.

Á mañá seguinte, levantámonos cedo, almorzamos e despois de recollermos as nosas pertenzas e o

pícnic que o albergue nos preparara para o xantar, collemos o autobús e emprendemos a curta pero impaciente viaxe ata as instalacións do club náutico "Arrepións". Alí uns monitores que guiarían o rafting emprestáronnos a equipaxe adecuada para practicar a actividade e logo de estarmos preparados collemos de novo o autobús e chegamos ata unha beira do río Miño.

Unha vez alí, dividímonos en grupos de oito ou nove persoas e, acompañados por cadanseu guía, embarcámonos nas lanchas pneumáticas que nos levarían río abaixo. Durante as dúas horas seguintes fixemos o percorrido de nove quilómetros, onde houbo un pouco de todo: risas, baños, emocións fortes e sobre todo diversión. Logo fomos xantar a unha praia fluvial onde estivemos ata as cinco e media da tarde. Alí algúns valentes decidiron tirarse ás frías augas do Miño e, finalmente, collemos o autobús de volta a Cacheiras, onde remataría a nosa pequena pero intrépida viaxe a Arbo.

Está moi ben que o instituto organice este tipo de viaxes que non só serven para desconectar da angustia do curso senón tamén para vivir novas experiencias e descubrir recunchos moi interesantes da nosa terra.

Adrián Márquez Canosa.



Monforte, en cabeza da enerxía fotovoltaica

ALBERTE PÉREZ

A empresa Teydi, de orixe galega, é pioneira no seu campo, e ademais de construír urbanizacións autosuficientes en África, soubo aproveitar esta tecnoloxía aquí, como os farois con placas solares que introduciu en Monforte.

Parece que a enerxía eléctrica só pode ser rendible en lugares como África, onde está traballando a empresa monfortina Teydi, pois as horas de sol son incomparables coas que podemos ter en Galicia. Porén, esta mesma empresa demostrounos que isto non é certo ao implantar un sistema completamente novo na súa vila luguesa, onde empezou a traballar hai xa vinte e cinco anos. Este sistema consiste en incluír unhas pequenas placas solares nos farois da iluminación pública, que á súa vez funcionan con luces led, que teñen un consumo mínimo.

Esta empresa, ademais de empregar Monforte como lugar de probas, fabrica estes singulares farois no mesmo lugar dende hai oito meses; vende a dous países africanos, Serra Leoa e Liberia, ademais do norte peninsular. Teydi está facendo un labor fundamental porque, ademais de construír urbanizacións, consegue electricidade grazas á enerxía solar.

Teydi ten un claro compromiso social no sector eléctrico, tanto no ámbito nacional coma no internacional. Dende os seus comezos, esta empresa apostou polas enerxías renovábeis. O pasado mes de febreiro, despois de recibir a concesión de 120 millóns de dólares por cinco anos de traballo, comezou a levar a cabo o ambicioso proxecto de construír, mediante subvencións, urbanizacións autosuficientes en África, concretamente no Congo. O primeiro gran contrato de enerxía solar firmárono no 2009; tratábase dun pedido de 10.000 paneis solares para Liberia.

No caso do Congo, despois de meses negociando a entrada no proxecto da extensión de redes de servizos básicos, Teydi está encargada de realizar estes traballos en diversas poboacións do país, entre os 3.500 e os 15.000 habitantes.

O causa deste interese por construír en África e países subdesenvoltos reside na actual crise na que se atopa Europa, principalmente na construción, polo que moitas das empresas relacionadas con estes mercados buscan traballo fóra.





“A poboación debe concienciarse, é clave”

BRAIS RODRÍGUEZ

Adrián Vales é un alumno que cursa 1º de bacharelato no IES Cacheiras. É un rapaz ao que lle encanta a natureza, pois pasa moito tempo no campo observando os animais que hai na súa aldea, Insua.



AS SÚAS FRASES

“Os gobernos deben de pensar mais na poboación, menos no económico”

“Estamos ante o primeiro cambio climático por culpa dos humanos”

Que fas para evitalo?

Eu reciclo, ando en bicicleta, sempre apago a luz cando non a estou usando... e cousas semellantes.

Que che parecen as iniciativas para evitar este cambio do clima, como fomentar o uso de lámpadas de baixo consumo e diminuír as emisións de CO₂?

Paréceme moi ben, para que realmente o evitemos xa que todo o que fagamos para paralo é positivo, pero pensa que aínda temos moito que facer para que realmente o evitemos.

Que iniciativas emprenderías?

Emprendería iniciativas como premiar os que máis aforren enerxía e castigar economicamente as empresas que máis contaminan.

Cales pensas que son os aspectos clave para acadar o éxito na loita para evitar o quecemento global?

A concienciación da poboación é unha das claves, ao meu parecer, pra loitar contra o cambio climático. Sería moi importante que todos os gobernos se puxesen realmente a traballar neste aspecto.



Día Mundial sen Tabaco

O tabaco é a segunda causa de morte no mundo. Está comprobado que a metade das persoas que fuman actualmente de forma eventualmente morrerán de forma prematura a causa do tabaco. Igualmente alarmante é o feito de que centos de milleiros de persoas que nunca fumaron morrerán cada ano de enfermidades causadas pola exposición ao fume do tabaco alleo.

A maioría dos perigos do tabaco non se evidencian na saúde do fumador ata anos ou mesmo décadas despois de iniciarse o consumo. Por iso, mentres este aumenta en todo o mundo, a epidemia de enfermidades e mortes conexas aínda non alcanzou o seu punto máis alto.

É triste dicir que hoxe en día a metade dos países do mundo en desenvolvemento non dispoñen sequer de información básica sobre o consumo de tabaco entre mozos e mozas e adultos.



MIGUEL GIL NÉCIA

**O día 31 de maio
celebrase o día mundial
sen tabaco. Este é a
segunda causa de morte
no mundo.**

Penso que polo ben da sociedade e dos nenos e nenas, que finalmente son os máis afectados, chegou o momento de dicirlles aos fumadores que ¡deixen xa de fumar!



BATALLA DE CACHEIRAS



MAITE SILVA/LORENA BARROS

Un ano máis os alumnos de Cacheiras (4º D e 4º E) e Carral reunímonos para conmemorar o 144 aniversario da Batalla de Cacheiras.

Para recordarmos un pouco mellor todos aqueles que participaron nesta cita histórica, os alumnos de Carral visitaron Cacheiras o venres 23 de abril.

Xa todos xuntos, fomos a Vaamonde, onde nos esperaba o alcalde, Martiño Noriega, e algúns dos seus concelleiros, para darnos a benvinda a todos e, logo dunha pequena charla, comezamos a ruta dende Vaamonde ata Oza, pasando por aqueles tramos máis conmemorables onde aconteceu a Batalla e relacionándonos cos nosos compañeiros de Carral; así o camiño fíxosenos máis ameno.

No percorrido tamén aproveitamos para sacarllas fotos á paisaxe e aos nosos compañeiros. Ao chegarmos ao campo da festa da Santa Eufemia, o concello tiña preparadas unhas bolsas de pícnic para recuperar os folgos despois da camiñada.

Logo de comermos e descansarmos, collemos o autobús cara a Montouto. En fronte do Hotel Congreso atópase o monolito que recorda esta batalla, capitaneada polo xeneral Solís e outros militares progresistas. Alí foi onde se leron

tres poemas e posteriormente se fixo a ofrenda floral.

Aquí rematou a visita dos alumnos de Carral a Cacheiras. Despois de despedirmos os nosos compañeiros, os de Cacheiras acabamos a xornada na Pena Esvaradía, en Montouto, onde se contemplan unhas fermosas vistas de Cacheiras e arredores.

O luns 26 de abril visitamos Carral. Ao igual que aquí, recibíronos primeiro no seu instituto e logo andamos ata a praza do concello, onde o alcalde de Carral, José Luis Fernández, nos falou brevemente.

Logo disto andamos ata o cemiterio de Paleo, onde se rendeu homenaxe ós mártires de Carral, e seguidamente leron uns poemas. Despois sacamos unha foto con todos os nosos compañeiros. Ao chegarmos de volta á praza tivemos que facer unha ofrenda floral ao monolito.

Tras todos estes actos, o concello agasallounos cun anaco de empanada e un refresco a todos.

Tivemos un pouco de tempo libre, pero logo despedímonos dos nosos compañeiros e dirixímonos ao noso instituto de Cacheiras.

IMAXES

10

Imaxes do volcán do glaciar **Eyjafjalla**,
en **Islandia**, que paralizaron gran parte
do espazo aéreo de Europa.



EXPOSICIÓN

ALGUNHAS ÁRBORES DO NOSO CENTRO

Exposición de árbores do centro realizada polos alumnos de 4º ESO




IMAXES

12



AXENDA

MES DAS LETRAS GALEGAS 2010



Mediateca do Grilo
(Cacheiras) o sábado 8 de
maio ás 19:00 horas.

**Actúa o grupo "Migallas
Teatro"**



Mediateca do Grilo
(Cacheiras) o mércores
19 de maio ás 20:00
horas.

**Historias diferentes do
cine galego. Comedia,
documentais.....**



Parque dos Tilos
(TEO)

Venres 21 de maio

18:00 horas

**Uxío
Novoneyra
na voz da
xente.**

Xincana
literaria e
contos para
nenos/as de ata
15 anos




ENQUISA

Enquisa sobre o coñecemento das árbores do recinto escolar, realizada polos alumnos de 4º ESO e dirixidos pola profesora M^a Ángeles Fandiño da Torre durante o mes de maio de 2010 no IES de Cacheiras.


Enquisa realizada a unha mostra de 17 profesoras/es

Recoñecemento das árbores



Enquisa realizada a unha mostra de 150 alumnas/os

Recoñecemento das árbores



BLOG IES CACHEIRAS (DECÁTATE)

Cando inicies un traballo [abre esta páxina](#), mira a hora que é e anota a poboación mundial nese instante. Pecha a páxina e, cando remates o traballo do blog, volve a abrir e **mira o tempo trascorrido e canto aumentou a poboación mundial**. (Podedes comprobar outros parámetros).

A [nanotecnoloxía](#) é unha ciencia aplicada que se dirixe ao deseño e á fabricación e aplicación de materiais a escala nanométrica (un nanómetro equivale a 10^{-9} metros). Algunhas das aplicacións da nanotecnoloxía son: **1.-** En medicina e farmacia. **2.-** Na industria téxtil. **3.-** En arquitectura e urbanismo. **4.-** Electrónica e electricidade. As melloras que logremos ver no transcurso das nosas vidas poden ser bacterias de tamaño diminuto con gran duración - nanofármacos capaces de actuar só naquela zona do corpo que o necesita - pantallas táctiles extremadamente delgadas.



XEROGLÍFICO 1

Nex
2010

Catástrofes




SOPA DE LETRAS: busca doce
nomes de árbores:

O	A	C	A	R	B	A	L	L	O
T	M	H	I	U	Z	F	F	R	R
P	I	S	A	T	R	R	I	B	I
I	E	D	F	S	E	E	B	F	E
L	I	G	V	I	U	B	U	N	Ñ
A	R	O	X	G	S	A	X	N	I
C	O	O	L	O	N	R	O	I	P
U	H	A	R	I	E	C	A	M	T
E	S	A	N	G	U	I	Ñ	O	B
S	O	B	R	E	I	R	A	H	E

XEROGLÍFICO 2

Gañar liga e copa



XEROGLÍFICO 3

COMO SE MOVEN OS ASTRONAUTAS
DENTRO DA SÚA NAVE?

D




PASATEMPOS

David González Chorén
Vicente Pérez Lajos
4º Diversificación



Busca o nome de sete árbores que correspondan as seguintes follas:(todas as árbores están no patio do noso centro)


R	L	G	Y	K	U	C	F	O	N	E	A	R	C	E	W	P	M	I	D	R	U	S
K	O	W	A	R	S	I	N	X	Ñ	J	W	M	Z	P	T	L	Y	A	I	B	L	O
A	L	B	E	N	I	V	P	I	Q	T	B	F	H	K	M	O	R	E	I	R	A	N
X	L	Z	G	C	A	D	U	E	I	A	E	R	G	L	N	E	Z	Q	C	H	R	C
C	A	S	T	I	Ñ	E	I	R	O	O	S	D	M	A	P	A	F	J	S	W	F	U
U	B	D	H	M	Y	L	O	F	T	C	X	A	O	T	C	V	O	X	T	O	A	L
R	R	E	Z	Q	C	A	R	B	A	L	L	O	A	M	E	R	I	C	A	N	O	R
C	A	N	C	E	R	E	I	X	O	N	K	E	C	O	E	N	R	Ñ	U	I	E	N
B	C	M	X	A	Z	C	K	E	A	M	G	F	U	S	I	D	M	A	B	Q	S	I



PASATEMPOS



CARBÓN



OXÍGENO

Reacción química que produce un gas de efecto invernadero

Vicente Martín 4ºE

Martín González 4ºE

Nomea os contaminantes atmosféricos e gases de efecto invernadero

-CO₂ -----

-N₂O₃ -----

-N₂O₅ -----

-SO₃ -----

-SO₂ -----

-CH₄ -----

-O₃ -----

-CCl₄ -----

-H₂O(v)-----

Fco. Javier Vicente Gómez

Iván Barreiro Pallas

4º ESO DIVER

XEROGLÍFICO 4

Gañamos



XEROGLÍFICO 5

Vila da provincia de Lugo



Debuxos de Kaio Coelho
De Sousa 1º ESO A

[Detalles cotiáns.](#)



SOPA DE
LETRAS:

O	F	A	U	N	A	D	A	C	C
T	M	F	R	I	O	F	R	H	D
F	N	S	A	T	R	R	U	U	C
L	E	V	F	S	E	V	T	V	L
O	V	E	V	I	I	B	L	I	I
R	E	N	X	A	S	A	U	A	M
A	O	T	L	O	N	R	C	I	A
U	H	O	R	I	E	C	A	M	T
N	A	T	U	R	E	Z	A	O	B
S	O	C	A	L	O	R	A	H	E

**BUSCA: calor-clima-chuvia-
cultura- -fauna-frío-natureza-aire-
flora-neve-vento-auga. (Autora: Inés
Tanoira Duro/1ºESO B)**

